

ANEXO

Denominación do posto: xefe do Servizo de Pneumoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

Titulación e requisitos:

- a) Estar en posesión do título de licenciado ou doutor en medicina e cirurxía e do título de médico especialista en neumoloxía, expedido polo Ministerio de Educación e Ciencia.
- b) Ter a condición de persoal estatutario fixo licenciado sanitario, na especialidade de neumoloxía, en situación de servizo activo en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde ou ser titular de praza vinculada docente-asistencial na mesma especialidade.
- c) Tres anos de experiencia profesional na especialidade de neumoloxía nas institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde ou desempeñando praza vinculada++a docente asistencial na mesma especialidade.

Procedemento de provisión: avaliación colexiada.

Institución: Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

Anuncio do 31 de decembro de 2009, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Pontevedra, polo que se procede a darlle publicidade á resolución da mesma data pola que se convoca, para vinculación temporal de substitución, unha praza de facultativo especialista da Área de Medicina Preventiva.

A Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Pontevedra, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 311/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde e a Orde do 15 de xuño de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 119, do 19 de xuño), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, resolve proceder ao anuncio da convocatoria para a vinculación temporal de substitución dunha praza de facultativo especialista da Área de Medicina Preventiva.

A citada convocatoria estará exposta nos taboleiros de anuncios do centro hospitalario.

As solicitudes poderán presentarse no rexistro xeral do Complexo Hospitalario no prazo de quince días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Pontevedra, 31 de decembro de 2009.

José Manuel González Álvarez
Xerente xeral do Complexo Hospitalario
de Pontevedra

UNIVERSIDADE DE VIGO

Resolución do 15 de xaneiro de 2010 pola que se declara concluído o procedemento e deserto o concurso para a provisión dunha praza de contratado doutor (CD924).

Mediante a resolución reitoral da Universidade de Vigo do 1 de setembro de 2009 (DOG do 22 de setembro) convocouse concurso de acceso para unha praza de contratado doutor (CD924) da área de coñecemento 187-didáctica da expresión corporal do departamento X05-Didácticas Especiais, vista a proposta de non provisión efectuada pola comisión de acceso de conformidade coa base 7.1. da convocatoria,

Esta reitoría resolveu declarar concluído o procedemento e deserto o concurso para a provisión da praza de contratado doutor da área de coñecemento 187-didáctica da expresión corporal do departamento X05-Didácticas Especiais, con referencia CD924 desta universidade.

Vigo, 15 de xaneiro de 2010.

Alberto Gago Rodríguez
Reitor da Universidade de Vigo

Resolución do 15 de xaneiro de 2010 pola que se convoca concurso de acceso a corpos de funcionarios/as docentes universitarios (DF1001).

De conformidade co disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro (BOE do 24 de decembro), de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril (BOE do 13 de abril), en diante LOU, e no Real decreto 1313/2007, do 5 de outubro, polo que se regula o réxime dos concursos de acceso a corpos docentes universitarios, (en diante RDCA), e en virtude do establecido nos estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 421/2003, do 13 de novembro (BOE do 14 de xaneiro de 2004) da Xunta de Galicia,

Esta reitoría, no uso das competencias recoñecidas pola LOU, resolveu convocar a concurso a praza (DF1001) que figura no anexo I desta resolución, con suxeición ás seguintes bases da convocatoria:

Primeira.-*Normas xerais.*

Este concurso rexirase pola LOU, o RDCA, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en diante Lei 30/1992), os estatutos da Universidade de Vigo, pola normativa reguladora dos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios aprobada polo Consello de Goberno o 8 de outubro de 2008 e, no non previsto, pola lexislación xeral da función pública do Estado.